



Interreg

España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional



UNIÃO EUROPEIA
UNIÓN EUROPEA



UNISF
UNIVERSIDADE SEM FRONTEIRAS

Estado da arte

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

O presente documento do 'Estado da Arte' foi elaborado, entre os meses de Xaneiro e Xullo do 2020, polo técnico investigador Antón Aller, coa supervisión do equipo da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, composto polos profesores Carlos Teijo e Alba Nogueira, coa consulta e análise da lexislación e os documentos citados na bibliografía e tamén ca inestimable contribución dos parceiros do proxecto UNISF, as Universidades de: Minho, Porto, Tras-os-Montes e Alto Douro, Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela e a Fundación CEER a través de xuntanzas e cuestionarios informativos.

Índice

- 0** Proxecto UNISF. Unha Universidade Sen Fronteiras na Euro rexión Galicia-Norte de Portugal

- 1** Marco conceptual

- 2** Marco normativo das titulacións conxuntas en Europa
 - a Os títulos conxuntos de Erasmus Mundus*
 - b As experiencias comparadas na materia*
 - c Os estudos aplicados sobre os procesos de implantación de títulos conxuntos*
 - d Elementos para a definición de títulos conxuntos*

- 3** Marco normativo en Galicia e no Norte de Portugal

- 4** Os procedementos de verificación de novas titulacións

0 Proxecto UNISF. Unha Universidade Sen Fronteiras na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

Nas sociedades contemporáneas o vínculo entre a educación de calidade e o desenvolvemento é evidente e fica reflectido, a nivel global, na inclusión do obxectivo 4 na Axenda 2030 das Nacións Unidas, asinada por 193 países do mundo no 2015, que promove coma meta da comunidade internacional: ‘Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos’.

No ámbito europeo, que se caracteriza polos seus elevados estándares de calidade de vida (coma acredita o Índice de Desenvolvemento Humano do PNUD), o artigo 14 da Carta dos Dereitos Fundamentais da UE consagra tamén, de acordo coas tradicións constitucionais dos Estados, que «toda persoa ten dereito á educación e ó acceso á formación profesional e permanente».

A Unión Europea carece, coma é sabido, de competencias fortes en materia educativa. Coma sinalan os tratados constitutivos (artigos 6, 165 e 166 do TFUE) a educación é un ámbito no que a UE se limita a apoiar e complementar a acción dos Estados membros, sen substituír a competencia destes e sen poder adoptar norma algunha de harmonización legal ou regulamentaria. Con todo, entre os obxectivos que persegue a política educativa da UE atópase o de “favorecer a mobilidade de estudantes e profesores, fomentando en particular o recoñecemento académico dos títulos e dos períodos de estudos” (art. 165.2 TFUE). O estandarte desta meta é o denominado plan Bolonia, que ten entre os seus elementos inspiradores o da internacionalización da educación ou a mobilidade de alumnos e docentes involucrados en títulos conxuntos.

A declaración de Bolonia deu lugar ao establecemento do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), un ámbito de organización educativo que pretende establecer un marco de coordinación entre os distintos sistemas formativos da Unión Europea e proporcionar unha forma eficaz de intercambio entre tódolos estudantes, así como dotar dunha dimensión e unha axilidade sen precedentes ó proceso de cambio emprendido polas universidades europeas.

Actualmente integran o EEES, aparte dos 27 países da UE, outros como Rusia o Turquía ata chegar á cifra total de 49 países participantes.

O proceso de Bolonia conta con seis obxectivos primordiais:

- A adopción dun sistema facilmente lexible e comparable de titulacións, ca implantación, entre outras, dun Suplemento ó Diploma.
- A adopción dun sistema baseado, fundamentalmente, en dous ciclos principais, de grao e posgrao.
- O establecemento dun sistema de créditos, denominado ECTS (European Credit Transfer System ou Sistema Europeo de Transferencia de Créditos).
- A promoción da cooperación europea para asegurar un nivel de calidade no desenrolo de criterios e metodoloxías comparables.
- A promoción dunha necesaria dimensión europea na educación superior con particular énfase no desenrolo curricular.
- A promoción da mobilidade e remoción de obstáculos para o exercicio libre da mesma polos estudantes, profesores e persoal administrativo das universidades e outras institucións de ensinanza superior europea.

A meta de promocionar programas formativos e titulacións conxuntas é dende hai anos un obxectivo fundamental no desenvolvemento do EEES posto que estes programas incrementan a mobilidade e facilitan oportunidades de cooperación e aprendizaxe mutua.

A educación constitúe, polo tanto, un vector básico para o desenvolvemento socioeconómico. E dende esa perspectiva, enténdese que no marco da política de cohesión económica, social e territorial (título XVIII do TFUE) exista tamén un espazo orzamentario para o financiamento de proxectos de carácter educativo que se orienten cara á mellora da formación do capital humano dos Estados membros. Nese senso, o programa INTERREG VA España-Portugal promove o desenvolvemento socioeconómico ao longo da maior fronteira da Unión Europea, sendo un dos seus eixos prioritarios o da mellora da capacidade institucional e a eficiencia da administración pública tendo como un obxectivo específico o de afianzar procesos de achegamento e cooperación, tamén no eido educativo, entre os distintos axentes que operan no territorio.

O Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 ven precedido polas programacións e experiencias de cooperación entre ambos países dende 1989. O POCTEP 2014-2020 actúa en cinco grandes ámbitos ou obxectivos temáticos, sendo o derradeiro da relación seguinte (OT 11) no que se incardinaría o proxecto da UNISF:

- . Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación (OT 1).
- . Mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas (OT 3).
- . Promover a adaptación ó cambio climático en tódolos sectores (OT 5).
- . Protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos (OT6).
- . Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración pública (OT 11).

Localizada no Noroeste da Península Ibérica, a Euro-rexión formada por Galicia e o Norte de Portugal configúrase como un espazo de fortes relacións sociais, económicas e culturais, pleno de oportunidades e cun gran potencial de desenvolvemento futuro. O territorio constituído polas dúas rexións ocupa unha superficie total de 51 mil Km² (Galicia 29.575 e Norte de Portugal 21.284) e concentra unha poboación de 6,4 millóns de habitantes (Galicia 2.796.089 e Norte de Portugal 3.745.439), o que se traduce nunha densidade de poboación de 125,8 habitantes por quilómetro cadrado.

No que respecta á dinámica de actividade e emprego na Euro-rexión, este concéntrase principalmente no sector servizos (57,1%), na industria e construción (32,7%) e no sector primario (10,2%). Unha das variables que mellor traduce a influencia da conxuntura económica na calidade de vida da poboación é, sen dúbida, a taxa de desemprego entornando ao 11,7% (datos Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal). Neste ámbito, ámbalas dúas rexións benefíciense de niveis de desemprego menos gravosos que as respectivas medias nacionais.

O proxecto de cooperación transfronteirizo *Universidades sem Fronteiras*, en adiante *UNISF*, enmarcase dentro da "Estratexía de Rede de Universidades da Euro-região para o desenvolvemento intelixente, sustentábel e integrador 2015-2020" que impulsa a comunidade académica articulada en torno á Fundación CEER (Centro de Estudos Euro Rexionais), e que está constituída polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Minho, Porto e Trás-os-Montes e Alto

Douro. O proxecto iniciouse no mes de Xullo do 2019 e ten coma obxectivo xeral o de *fortalecer as relacións universitarias da Eurorexión Galiza-Norte de Portugal para a creación de Graus/Titulacións Conxuntas e a Transferência em Investigación*. Dende o comezo da súa posta en marcha existiu unha completa e continua coordinación no traballo e nas tarefas encomendadas ós parceiros participantes posto que, como indica a memoria, 'os parceiros assumem o carácter transnacional e a necessidade de colocar, em segundo plano, a dimensão individual das ações.' (Descrição da atividade e das ações, P. 29 de 265, proxecto UNISF).

Como potencialidade do conxunto de asociados atópase dende o comezo un elemento fundamental en todo proxecto de cooperación: 'a tradición de traballo de coordinación entre os parceiros' o que 'permite dispor de uma abordagem metodológica já experimentada' que debe resultar un alicerce para a consecución dos obxectivos específicos sinalados na identificación do proxecto UNISF como é o de 'afianzar procesos de acercamento e cooperación entre os distintos axentes que operan no territorio'.

A bagaxe previa que existe entre os parceiros no relativo ao establecemento de títulos conxuntos pódese calificar de positiva mais tamen ambivalente. Se ben se observan uns antecedentes mínimos no artellamento de títulos conxuntos entre as universidades participantes no proxecto a ambos lados da fronteira (programa de doutoramento DoMar, e proposta dun máster oficial en Visión por Computador), polo contrario existe unha asentada experiencia na consolidación de títulos conxuntos ofertados en cada un dos países polas universidades implicadas.

Comezando por este segundo aspecto, que debe ser valorado de xeito positivo, cómpre indicar que, de acordo con datos da Fundación CEER, no curso 2019-2020 as universidades de Galicia e do Norte de Portugal xestionan xa un total de 110 títulos conxuntos, pois entre os propios parceiros ofrecen 54 títulos con 28 mestrados e 26 doutoramentos, e con outras universidades, alén do proxecto UNISF, outros 56 títulos conxuntos, con 21 mestrados e 35 doutoramentos.

Títulos conxuntos 2019-2020 Universidades Galicia-Norte e Portugal

- Parceiros UNISF Doutoramento
- Outros Doutoramento
- Parceiros UNISF Mestrado
- Outros Mestrado



Pódese avanzar, por tanto, a idea de que en tódolos parceiros existe unha sólida cultura de cooperación académica para o deseño de títulos conxuntos que debера permitir avanzar no establecemento das ensinanzas piloto previstas na UNISF. Se ben o que non existe, claramente, é unha cultura consolidada de establecemento de títulos conxuntos galego-portugueses.

A comunidade estudantil matriculada nas universidades participantes no UNISF neste curso e que é a beneficiaria final deste proxecto ascende aos 120.000 alumnos, que realizan estudos de graos, posgrao ou doutoramento a ámbolos dous lados da fronteira.

Así mesmo, a proximidade xeográfica entre as sedes das seis universidades, a súa dilatada historia no ensino superior universitario e a extensa oferta de títulos entre graos, mestrados e doutoramentos que suman entre todas supoñen un capital a valorar de modo positivo cara a consecución das metas sinaladas con anterioridade.

A Universidade de Santiago de Compostela, a de maior antigüidade, créase en 1495 e conta na actualidade con mais de 25.000 estudantes, 2.000 docentes e investigadores e 1.000 traballadores de administración e servizos; oferta 44 graos, 66 mestrados, 9 programas de simultaneidade, 30 títulos de posgrao entre mestrados propios e cursos de especialización e 55 programas de doutoramento.

A Universidade de Porto, oficialmente creada en 1911, ten mais de 30.000 estudantes, 2.300 docentes e investigadores e 1.700 traballadores de administración e servizos; na actualidade oferta 35

graos, 18 mestrados integrados, 148 mestrados e 95 programas de doutoramento.

A Universidade de Minho foi fundada no ano 1973 e comezou as súas actividades no curso 1975-76, conta con case 20.000 estudantes, 1.200 docentes e investigadores e 600 traballadores de administración e servizos; oferta 57 grados, 13 mestrados integrados, 109 mestrados e 57 programas de doutoramento.

A Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro, creada en 1986, conta con mais de 7000 alumnos e, para este curso ten 33 grados e mestrado integrado, 40 mestrados, 17 programas de doutoramento e 2 cursos técnico superiores profesionais.

A Universidade de Vigo, creada no 1990, conta con mais de 21000 alumnos matriculados e ofrece 125 graos e mestrados oficiais, 39 programas de doutoramento, catro titulacións de programación conxunta e catro dobres titulacións con universidades estranxeiras.

A Universidade da Coruña foi fundada no 1989 e ten actualmente case 17.000 alumnos matriculados, dos cales 863 son foráneos. A súa presente oferta académica é a seguinte: 39 graos, 56 mestrados, 36 doutoramentos, 7 programas de simultaneidade e 40 títulos propios de posgrao.

Polo que se refire aos precedentes válidos de coordinación e cooperación entre os citados parceiros do UNISF, como xa indicamos, existe na actualidade unha práctica moi escasa e dispersa que precisamente este proxecto está chamado a superar. Se ben existe unha fluidez académica na Eurorrexión que conduce a que os contactos entre facultades, escolas, departamentos e áreas de coñecemento sexan moi habituais (como se acredita na experiencia cotiá de todas as universidades parceiras e se sustancia, institucionalmente, na fundación CEER) o certo é que esta dinámica cooperativa non se ten trasladado á creación de institucións e, sobre todo, títulos académicos conxuntos.

Entre as excepcións a esta tradicional tendencia podemos atopar o artellamento de algunhas infraestruturas de investigación conxuntas, coma o *International Iberian Nanotechnology Laboratory*. E, no plano máis específico do deseño de titulacións, a consolidación do programa

de doutorado DoMar (doutorado en *Marine Science, Technology and Management*) ou o novo mestrado en Visión por computador, xa verificado polas axencias de acreditación e que está listo para comezar a ser impartido.

No International Iberian Nanotechnology Laboratory, ou Laboratorio Internacional Ibérico de Nanotecnoloxía, con sede en Braga e creado no 2008, diversos profesionais da ciencia e da enxeñaría de todo o mundo traballan nun ambiente altamente interdisciplinario para intentar facer do centro unha referencia como eixo do desenvolvemento da Nanotecnoloxía e así afrontar os grandes desafíos da sociedade futura. Foi fundado polos gobernos de España e Portugal baixo unha infraestrutura legal internacional para levar a cabo investigación multidisciplinar e despregar e articular Nanotecnoloxía para o beneficio de toda a cidadanía. Conta actualmente con 2500 visitantes, máis de 150 investigadores e un persoal fixo de 180 traballadores.

Tamén constitúa un referente de utilidade para o deseño de novos títulos conxuntos o programa DoMar, que ten un carácter pioneiro ao participar do mesmo os seis parceiros do UNISF e a Universidade de Aveiro. DoMar é un programa de doutorado internacional e transfronteirizo que ofrece catro Orientacións que coincidirían cos catro grupos de I + D do Campus do Mar, co obxectivo de lograr a transversalidade en dous eixos principais: o da Investigación e o da Ensinanza.

ORIENTACIONES	ÁREAS DE ESPECIALIZACIÓN
<u>Ocean Observation and Global Change</u>	Ocean Observation
	Systems and technologies for ocean observation
	Global Change
<u>Sustainable use of Marine Resources</u>	Management and Use of Resources
	Aquaculture
	Transformation and Valorisation
<u>Integral Management of the Sea</u>	Environmental Analysis and Evaluation
	Coastal Planning
	Coastal Protection and Maritime Safety: Engineering and Regulation
<u>Technological progress. Engineering</u>	Port Infrastructures. Maritime Management and Transport
	Maritime management and law

<u>and Business Management</u>	Energy
PROGRAMA DOMAR http://domar.campusdomar.gal/	

Estas catro orientacións ofrecen doce campos diferentes de especialización, que a súa vez recollen unha serie de liñas de investigación nas que os estudantes poden desenrolar os seus propios proxectos de teses. A misión fundamental deste programa é formar ós mellores profesionais e investigadores no ámbito das Ciencias, Tecnoloxías e Xestión do Mar nas diferentes aplicacións científicas, técnicas, económicas e sociais, a produción de investigación de calidade e impacto internacional e que proporcione á industria as mellores ferramentas para mellorar a súa competitividade a escala global.

En canto a **proposta de Mestrado en Visión por Computador**, trátase un título conxunto interuniversitario e internacional entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo e a Universidade do Porto. A nova titulación combina o potencial de varios centros altamente especializados nos seus respectivos ámbitos. A docencia artellarase nas catro sedes para buscar a máxima coherencia académica e organizativa e lograr así a maior eficiencia no uso dos recursos humanos e materiais. A memoria xustificativa¹ do título ofrece algúns datos de interese onde destacan o seu carácter esencial ou estratéxico pois daría resposta a necesidades prácticas e científicas presentes tanto no SUG (Sistema Galego de Universidades) coma no norte de Portugal.

A rechamante escaseza de experiencias relativas ao establecemento de títulos conxuntos -que, coma podemos ver, son excepcións contadas- non se compadece coa robustez, calidade e presenza internacional dos sistemas universitarios da Eurorrexión polo que o proxecto UNISF se apoia na creación de títulos conxuntos de carácter piloto que permitan plantar a semente dun ecosistema universitario máis integrado a tódolos niveis.

¹ Memoria Xustificativa e Memoria Económica. Universidade de Vigo https://www.uvigo.gal/opencms/export/sites/uvigo/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/titulacions/Memoria_Xustificativa_Economica_MUVC.pdf

Táboa xeral resumo dos datos básicos do proxecto UNISF

DATAS PREVISTAS DE EXECUCION: 01/07/2019 a 31/12/2021

PARCEIROS OU SOCIOS: 6 Universidades Públicas, (Porto, Minho, Tras os Montes, Vigo, Santiago, A Coruña) e Fundación CEER (Centro de Estudos Euro rexionais)

ORZAMENTO: 1,49 M€

FINANCIAMENTO: Fondos FEDER (fondos europeos de desenvolvemento rexional), Programa INTERREG V-A España-Portugal (Programa Operativo Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, POCTEP)

OBXECTIVO: Mellora da capacidade das universidades e autoridades públicas para a creación de graos/titulacións conxuntas entre Galiza e o Norte de Portugal e a consolidación do Espazo Fronteirizo de Ensino Superior e de Investigación da Euro-rexión.

ORGANIZACION INTERNA:

Comité de Pilotaxe: Órgano de decisión, Vicerreitores e Pro-reitores das 6 universidades públicas e o Director da Fundación CEER

Secretariado: Fundación CEER

Comité Técnico: Técnicos/ Investigadores das 6 Universidades e Fundación CEER

Comités Académicos (cun coordinador por Comité) en cada titulación prevista no proxecto piloto: Mestrados en Desafíos das Cidades Atlánticas ou Dereito Transnacional da Empresa e das Tecnoloxías Dixitais e Doutoramentos en Ciencias Sociais e Envellecemento ou Matemáticas e Aplicacións.

1 O marco conceptual para os programas conxuntos de estudos

De modo previo á análise da situación actual do UNISF, é preciso definir certos conceptos fundamentais na propia idiosincrasia do proxecto e, sobre todo, neste tipo de estudos e títulos onde participan mais de unha universidade de distintos países. Para este proxecto de cooperación académica transfronteiriza cómpre comezar lembrando que, para a RAE (Real Academia Española da Lingua) *cooperar* é ‘Obrar xuntamente con outro u outros para la consecución de un fin común’ mentres que *transfronteirizo* supón do desenvolvemento da acción ‘por encima de las fronteras’. Así mesmo, o Dicionário Priberam da Língua Portuguesa (DPLP) sinala, sobre os mesmos termos, que *cooperar* supón “prestar cooperación, colaborar” mentres que *transfronteirizo* remite a unha acción que “ultrapasa os límites das fronteiras de un país. = transnacional”.

Para o descenso ao ámbito académico do proceso da cooperación transfronteiriza faise necesario precisar algún concepto. En relación coa terminoloxía e as definicións dos termos implicados na articulación de programas conxuntos, existe unha certa confusión derivada de diferentes delimitacións que teñen realizado os Estados dentro do marco do EEES, ás veces dun xeito que resultan contraditorias entre si. Nesta análise imos empregar coma punto de partida a definición dada no Enfoque Europeo, así como no Convenio de Recoñecemento de Lisboa (Council of Europe, 2004) e a súa normativa subsidiaria, ao ser este o único tratado internacional que ten sido adoptado no ámbito do EEES².

Certamente, o Convenio de Lisboa é parco na regulación deste asunto. Para ser precisos, o tratado aborda o recoñecemento de cualificacións pertencentes aos sistemas educativos dos Estados parte. Pero, como indicou o *Comité encargado de velar polo cumprimento do tratado*, a importancia dos títulos que non pertencen a un só sistema educativo nacional incrementouse drasticamente dende a adopción do convenio

² O Convenio da UNESCO e do Consello de Europa sobre o Recoñecemento de Cualificacións relativas á Educación Superior (en adiante referido como “Convenio de Recoñecemento de Lisboa”) é o principal texto legal internacional respecto do recoñecemento de cualificacións na rexión europea. A convención foi adoptada en 11 abril de 1997 e entrou en vigor o 1 febreiro de 1999.

polo que se fixo preciso que os Estados parte aprobasen, recorrendo á previsión do artigo X.2.5, textos subsidiarios nesta materia, particularmente, no ámbito dos graos conxuntos e programas conxuntos ao ser preciso asegurar a calidade dos mesmos³.

Na primeira achega á cuestión (Recomendación 2004) a noción de título conxunto feita polo Comité foi ampla e ambigua ao sinalar que

“should, for the purposes of this Recommendation, be understood as referring to a higher education qualification issued jointly by at least two or more higher education institutions or jointly by one or more higher education institutions and other awarding bodies, on the basis of a study programme developed and/or provided jointly by the higher education institutions, possibly also in cooperation with other institutions”

e engadir, ademais, que un título conxunto podería ser

*“a. a joint diploma in addition to one or more national diplomas,
b. a joint diploma issued by the institutions offering the study programme in question without being accompanied by any national diploma,
c. one or more national diplomas issued officially as the only attestation of the joint qualification in question.”*

Evidentemente, esa conceptualización do termo resultaba demasiado extensa⁴ e na Recomendación revisada de 2015 o Comité admite esa lasitude previa e pasa a considerar que “current developments and concepts are focused on the principle that a joint degree is a joint qualification awarded jointly by the partners and issued jointly as a single document”. Polo tanto, desbótase a visión anterior que integraba na noción de título conxunto outros termos próximos pero que teñen unha natureza diferente, coma ocorre co de título dobre ou múltiple.

Na práctica, polo tanto, diversos documentos de traballo permitiron trazar os límites terminolóxicos necesarios para avanzar no artellamento de títulos internacionais. Nese senso, podemos partir de

³ Neste senso, vid. Committee of the Convention on the Recognition of Qualifications concerning Higher Education in the European Region, *Revised Recommendation on the Recognition of Joint Degrees*, 29 February 2016, Seventh meeting, Paris, DGII/EDU/HE (2016) 05, ED-2015/UNESCO/LRC.

⁴ O European Consortium for Accreditation (ECA) xa indicou a comezos da década pasada que a Recomendación de 2004 atopábase desfasada e que só “the second part of the definition of the Recommendation is now commonly understood as a joint degree” (Aerden and Reczulska, 2010)

que un programa de estudos é un conxunto de actividades educativas deseñadas e organizadas para conseguir uns obxectivos de aprendizaxe e que conduce á obtención dunha cualificación de educación superior (Convención de Lisboa). Cando falemos dun *Joint program* ou programa conxunto estaremos, en concreto, a referirnos a un programa de estudos desenrolado ou facilitado conxuntamente por dúas ou mais institucións de educación superior, posiblemente en cooperación con outras institucións, e que conduce a concesión dun grao que poderá ser dobre, múltiple ou conxunto.

Desta ampla definición quedan excluídos os programas que unicamente implican mobilidade e recoñecemento de créditos na institución de orixe, sobre un conxunto de materias recollidas nun acordo de estudos ou sobre módulos predeterminados, debido a que nestes a institución estranxeira non outorga ningún título oficial.

Un recente estudio sobre a cuestión, atribúe aos *programas conxuntos*, con carácter xeral, as seguintes características:

- Desenvolvidos e aprobados conxuntamente por varias institucións.
- Os estudantes de cada institución pasan períodos de estudio de duracións comparables nas outras institucións participantes.
- Os períodos de estudio e cualificacións obtidas nas institucións participantes son total e automaticamente recoñecidos polas demais institucións.
- Os profesores de cada institución imparten docencia tamén nas outras institucións, con traballo conxunto do currículo formativo e formación de comisións conxuntas de admisión e de avaliación.
- Á terminación do programa, os estudantes obteñen ben titulacións nacionais de cada institución participante ou ben unha titulación conxunta dada por tódalas institucións participantes.
- Para que un título sexa considerado válido noutros países ten que ser recoñecido. Recoñecemento é a apreciación formal por unha autoridade competente do valor da cualificación de outro país con vistas ó acceso a niveis educativos e/ou de emprego⁵.

Como se indicou, un dos produtos académicos que poder xurdir a partires da implementación dun programa conxunto é o **título**

⁵ Luis Delgado, "[Joint Programs and Degrees in the European Higher Education Area](#)", *Education in the Knowledge Society* 20 (2019).

dobre/múltiple. A noción de *double/multiple degrees* ou debe ser referida a *dous ou mais títulos nacionais emitidos por dúas ou mais institucións de educación superior na base dun programa de estudos desenrolado e/ou facilitado conxuntamente polas institucións de educación superior*. Estes títulos baséanse no recoñecemento mutuo entre titulacións preexistentes que xa foron acreditadas por separado polos organismos competentes en cada país. Son programas que comparten competencias e contidos que permiten acordar un recoñecemento académico recíproco.

Nos programas internacionais de estudos de titulación dobre/múltiple o estudante obtén unha ou máis titulacións de cada institución participante despois de seguir un programa de estudos deseñado conxuntamente e recolleito nun convenio de colaboración. Enténdese que a titulación será dobre se participan dúas institucións e cada unha outorga unha titulación e que será múltiple cando as titulacións que se outorgan sexan máis de dúas, independentemente de que participen dúas ou máis institucións. Os títulos expedidos están acreditados de forma independente de acordo á lexislación de cada país e forman parte da oferta (oficial ou propia) das institucións participantes. Os programas internacionais de titulación dobre/múltiple poderán ser simétricos, cando os estudantes de todas as universidades obteñen os mesmos títulos, ou asimétricos se logran distintas titulacións, en nome ou número, en función da institución de procedencia.

A segunda modalidade de produto académico que pode xurdir dun programa conxunto é a do **título conxunto ou *joint degrees*** (sobre os que se centra o ámbito de aplicación de UNISF) que aparece definido no *Bridge Handbook on Joint Programmes and recognition of joint degrees* coma *un único título que corresponde como mínimo a dúas cualificacións nacionais oficiais emitidas polo menos por dúas institucións oficiais de educación superior na base dun programa de estudos desenrolado e/ou facilitado conxuntamente por eles*. Estes títulos se basean nun plan de estudos único, deseñado de forma conxunta, que especifica os créditos que imparte cada institución e que queda recollido nun convenio de colaboración. Xestiónase de forma consorciada polas institucións participantes, unha das cales actúa como coordinadora do programa.

Os programas de titulación conxunta implican mobilidade dos estudantes e a miúdo dos profesores, sen que se descarten programas

de aprendizaxe virtual que non supoñen mobilidade como tal. O convenio de colaboración deberá establecer os períodos de estudo a realizar en cada unha das institucións que formen parte do consorcio.

Os programas internacionais de titulación conxunta supoñen a obtención dun só título expedido conxuntamente polas institucións participantes no programa de estudos tras a superación dos créditos do plan de estudos, ou un só título expedido pola institución coordinadora en nome de todo o consorcio. Isto significa que a titulación conxunta é un título oficial de cada unha das institucións participantes, que debe estar verificado pola axencia nacional de cada país, e que estas non expiden ningún outro título nacional equivalente aos estudantes que obteñen o título conxunto como parte do programa conxunto de estudos.

Os obxectivos do UNISF se centran no **establecemento de títulos conxuntos de carácter transfronteirizo** entre as universidades asociadas ao proxecto.

2 Marco normativo e práctico das titulacións conxuntas no EEES

Os títulos conxuntos contan cun valor engadido intrínseco e constitúe un lugar común afirmar que promoven a mobilidade dos estudantes e o profesorado, facilitan a aprendizaxe mutua e as oportunidades de cooperación e contribúen á calidade e excelencia do proceso educativo. A implementación de títulos conxuntos, polo tanto, foi gañando progresivamente terreo dentro do elenco de obxectivos perseguidos pola UE e os Estados membros no marco do EEES.

As bases do "Espazo Europeo de Educación Superior" establecidas na Declaración de Bolonia avogaban pola construción dun marco educativo harmónico que se organizara conforme a catro principios (calidade, mobilidade, diversidade e competitividade) e estivera orientado cara ao incremento do emprego na Unión Europea e a conversión do EEES nun polo de atracción para estudantes e profesores de outras partes do mundo. O establecemento dun sistema de créditos ECTS e do Suplemento ó Título (Real decreto 1044/2003) teñen xogado un papel fundamental, xunto ó Marco de Cualificacións para o EEES e os Criterios e Directrices para a garantía da Calidade, na realización destas metas.

O Sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos (*European Credit Transfer System* ou ECTS) ten sido o soporte básico para garantir unha transparencia de información entre institucións e centros e para facilitar o recoñecemento académico completo dos estudos realizados noutro país europeo utilizando créditos ECTS. O período de estudos no outro país debe ser equivalente a un período e a unha formación de nivel comparable no centro de orixe, aínda que os contidos do programa acordado podan diferir parcialmente, sobre a base do principio da equivalencia do valor formativo.

Tras o establecemento gradual desa infraestrutura cooperativa, pódese observar como se foron abrindo -nas declaracións bianuais feitas polos ministros participantes nas Conferencias de seguimento da Declaración de Bolonia- espazos para obxectivos máis ambiciosos entre os que ocupa un lugar destacado a implantación de títulos conxuntos. Así, na conferencia de Praga (2001) esta meta inclúese por primeira vez e dun xeito tímido na axenda política; en Berlín (2003) os ministros acordan explicitamente o apoio ao desenvolvemento de currículos integrados que conduzan a títulos conxuntos; nas declaracións de Bergen (2005) e

Londres (2007) incluíronse novas referencias e no comunicado de Bucarest (2012) os ministros comprometéronse a 'recognise quality assurance decisions of EQAR-registered agencies on joint and double degree programmes'. Na Conferencia Ministerial de Ereván (2015) foi finalmente adoptado o documento relativo ao "European Approach for Quality Assurance of Joint Programmes" que establece orientacións nesta materia e un marco metodolóxico dotado de estándares e procedementos para a avaliación de programas conxuntos.

Dende un punto de vista normativo, por tanto, cabe sinalar que a inexistencia de regulamentos ou directivas harmonizadoras no ámbito da educación (prohibidas ao ter a competencia comunitaria un carácter de apoio ou complemento) non equivale á ausencia de orientación e prácticas referenciais na materia. No marco do EEES, as conferencias ministeriais e os desenvolvementos operativos levados a cabo polas propias institucións educativas teñen servido para establecer un marco compartido para a creación e implementación de títulos conxuntos.

a Os títulos conxuntos de Erasmus Mundus.

Os programas de Erasmus Mundus teñen funcionado como unha palanca para a articulación de programas conxuntos e para a remoción gradual dos obstáculos legais e resistencias administrativas existentes no ámbito interno cara a este tipo de títulos. Como ten sinalado a propia Comisión Europea "another often overlooked aspect of the Erasmus Mundus Programme has been its role as a laboratory for joint programme management and as a trailblazer for good practices"⁶. Os títulos de Erasmus Mundus serven tamén como referente para o deseño dos programas conxuntos de UNISF, se ben estes últimos non poden ser financiados dentro do programa comunitario ao pertencer os socios do proxecto só a dous países, en vez dos tres que se requiren coma mínimo.

No referente as condicións relativas ó deseño dos títulos conxuntos, un *Erasmus Mundus Joint Master Degree* (EMJMD) debe estar totalmente desenvolvido e preparado para funcionar durante catro edicións consecutivas. Os estudantes de mestrado que desexaran inscribirse nun EMJMD terán que obter previamente unha primeira titulación en educación superior ou demostrar un nivel equivalente de aprendizaxe recoñecido de acordo ca lexislación e as prácticas nacionais.

⁶ *Erasmus Mundus Joint master's degrees. The story so far*, p. 44.

Os mestrados conxuntos *Erasmus Mundus* (MCEM) ofrecen ás organizacións admisibles a oportunidade de organizar e impartir conxuntamente programas de mestrado. O programa ten coma obxectivo atraer a estudantes excelentes de todo o mundo a través de becas competitivas. Os MCEM son programas de estudos de 60, 90 e 120 créditos ETCS e duran entre un mínimo de 12 e un máximo de 24 meses. Os MCEM seleccionados reciben unha financiación elevada durante catro cursos académicos consecutivos.

Os estudos han de cursarse polo menos en dous dos países do programa representados no consorcio. O seu carácter específico basease no alto grado de integración ou conxunción e o excelente contido académico e a metodoloxía que ofrecen. Non hai limitacións en relación ca disciplina.

A lista de programas conxuntos financiados con Erasmus + pode consultarse no sitio web da Axencia Executiva, onde existen filtros adecuados para procurar a información por países, universidades, créditos ETCS ou outros diversos factores de análise que poden ser de moita utilidade para as comisións académicas cara o deseño dos futuros títulos enmarcados no proxecto UNISF.

Cara a procura de experiencias que se revelaran ben sucedidas na articulación de graos/titulacións conxuntas como exemplos de precedentes válidos do UNISF poderíanse considerar como tales todas aquelas onde participen institucións de educación superior de mais dun país distinto e que contén cunha antigüidade de mais de catro anos, pois así xa foron acreditadas e seu modelo supervisado e validado en cuanto a criterios como a calidade, a mobilidade ou a internacionalización dos estudos pola axencia de cualificación competente, índice irrefutábel de boa práctica e proceder.

b. As experiencias comparadas na materia.

Ademais do modelo que supoñen os programas de Erasmus Mundus, existen outras iniciativas rexionais nas que se resalta a importancia estratéxica que teñen os programas conxuntos como instrumentos para incrementar a internacionalización do sector da educación superior.

En espazos rexionais máis acoutados tamén podemos atopar instrumentos de cooperación e financiación rexionais como por exemplo, entre outros, o programa de Mestrados Nórdicos, financiado polo Consello Nórdico de Ministros, a oficina Mediterránea para a xuventude e a Universidade Panafricana financiada pola Unión Africana.

Outros exemplos de iniciativas bilaterais de financiamento nacional son a Universidade Franco-Italiana, a Universidade Transfronteiriza Ruso-Finesa e o programa EUREGIO Xermano-Neerlandés. Nalgúns países (coma Noruega), o goberno nacional ofrece soporte para levar a cabo programas conxuntos e, nalgúns casos a estrutura dos fondos europeos pode ser utilizada para este propósito.

Tamén fora do continente europeo se teñen desenvolvido iniciativas de interese neste ámbito. Así, cabe facer referencia ao proxecto '*Cross-border Higher Education for Regional Integration and the Labor Market in East Asia*' (que conta co impulso da ASEAN e a participación de China, Corea, Xapón e Australia), do que foron extraídas as seguintes experiencias e conclusións:

Experiencias do '*Cross-border Higher Education for Regional Integration and the Labor Market in East Asia*'

- A mellora da calidade da educación é percibido coma o logro máis importante dos programas de grado cooperativos transfronteirizos.
- A maior parte dos programas son a un nivel de mestrado e tenden a concentrarse nas ciencias sociais, empresariais e dereito.
- A educación superior transfronteiriza (incluídos os programas conxuntos) xera un valor engadido en termos académicos e políticos pero non comporta necesariamente un beneficio económico.
- Os riscos detectados na execución dos programas obsérvanse na capacidade administrativa para xestionalos, a certeza da súa calidade e a regulación da transferencia dos créditos.

Nun nivel global, a Asociación Internacional de Universidades ([IAU](#)) leva a cabo enquisas regulares sobre as prioridades estratéxicas institucionais no seno da internacionalización. Unha das conclusións do Informe sobre a implantación do proceso de Bolonia (2012) é que varios dos 47 países que forman parte revisaran as súas lexislacións para permitir e incentivar os títulos conxuntos e que o número de estudantes destes programas tiña aumentado. O devandito Informe é o resultado dun esforzo conxunto de Eurostat, Eurostudent e mais Eurydice e foi

supervisado polo Grupo de Seguimento de Bolonia. Describe o estado da implantación do Proceso de Bolonia dende distintas perspectivas utilizando os datos recollidos no ano anterior e proporciona tanto datos estatísticos como unha información cualitativa contextualizada.

A UE, de feito, continuou a dar apoio ós títulos conxuntos internacionais co programa Erasmus + no período 2014-2020, cun orzamento maior comparado ó dos programas Erasmus Mundus.

Ollando ó futuro mais inmediato, atopamos tamén, como prolongación do programa Horizonte 2020, a proposta do Horizonte Europa, que será o futuro Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea para o período 2021-2027.

Segundo o sitio web do Consello de Europa, <https://www.consilium.europa.eu/es/policies/horizon-europe/>, trátase da iniciativa principal da Unión Europea para o fomento da investigación e a innovación dende a fase conceptual ata a introdución no mercado, e sirve de complemento á financiación nacional e rexional.

Previsiblemente debe reforzar os sectores da ciencia e a tecnoloxía da UE para facer fronte ós principais desafíos mundiais en ámbitos cruciais como a sanidade, o envellecemento, a seguridade, a contaminación ou o cambio climático.

As estimacións previas calculan que o Programa pode crear ata 100.000 postos de traballo en actividades de investigación e innovación ata o 2027. Tamén augura un incremento do produto interior bruto (PIB) da UE nun máximo de 0,19 % en 25 anos.

En canto á estrutura, na citada proposta Horizonte Europa consta de tres pilares:

- **Ciencia excelente:** ten por obxecto afianzar o liderado científico da UE e desenrolar coñecementos e capacidades de alta calidade.
- **Desafíos mundiais e competitividade industrial europea:** apoiar a investigación que se ocupa dos desafíos da sociedade e as tecnoloxías industriais en ámbitos como as tecnoloxías dixitais, a enerxía, a mobilidade, a alimentación e os recursos naturais. Tamén instaurar determinadas misións e asociacións de investigación, por exemplo para conseguir cidades sen emisións de carbono.

- **Europa innovadora:** centrase en promover a innovación mediante a creación dun Consello Europeo de Innovación, que ofrecería unha ventá única ós innovadores que teñan un elevado potencial.

O paquete de Horizonte Europa consta, así mesmo, das propostas seguintes:

- un Programa Marco de Investigación e Innovación, que incluírá as normas de participación e difusión.
- un Programa Específico polo que se executa Horizonte Europa.
- un Programa de Investigación e Formación en virtude do Tratado Euratom que complementa a Horizonte Europa.
- unha Decisión do Consello que modifica a Decisión pola que se establece a Empresa Común Europea para o reactor termonuclear experimental internacional (ITER)

En canto ó cometido do Consello, este determinará o presuposto de Horizonte Europa dentro do procedemento de adopción do marco financeiro plurianual, o cal require o acordo unánime dos Estados membros e a aprobación do Parlamento Europeo.

O Consello solicitou a estreita colaboración dos Estados membros no proceso de planificación estratéxica de Horizonte Europa, así como na concepción e posta en marcha das misións e asociacións pertinentes.

No pasado recente, o concepto de título conxunto como un medio para a internacionalización estendeuse globalmente, en boa medida como resposta ós progresos e avances en Europa. De feito, o Estudo Transatlántico do Instituto de Educación Internacional sobre programas conxuntos e dobres (2009) sinala entre os seus maiores achados que as institucións de Estados Unidos son mais proclives a compartir títulos conxuntos con parceiros europeos que con institucións de calquera outra rexión. O estudo tamén resalta que entre os parceiros transatlánticos os programas conxuntos que levan á conseguir dous ou mais títulos (programas de títulos dobres ou múltiples) son moito mais comúns que os programas conxuntos que ofrecen un solo título (programas de título conxunto), probablemente debido ós desafíos xurídicos e administrativos relativos ó outorgamento dun título conxunto.

En canto a América Latina, a declaración de Asturias (2006), resultado da xuntanza anual dos reitores de Europa, América Latina e o Caribe na que se recollen as propostas que as universidades presentaran no cumio

dos xefes de Estado e de Goberno de Europa e de América Latina, acentuou o desenvolvemento dos programas conxuntos como un área prioritaria para a colaboración na educación superior cos países europeos e como un modo para facilitar o persoal académico, investigador e a mobilidade do estudante.

Como queira que, nun contexto mundial, de acordo ca Asociación Internacional de Universidades, fundada en 1950 baixo os auspicios da UNESCO e que conta con membros de máis de 130 países, América Latina está por debaixo de África e tamén lixeiramente detrás do Oriente Medio en termos numéricos de programas conxuntos e de dobre grado. Na América Latina a tendencia maioritaria son os programas conxuntos de licenciatura entre institucións privadas e os programas conxuntos de mestrado con institucións públicas.

En Xapón e China, os programas cooperativos de grado desenvolvidos foron testemuña dun crecemento significativo durante a última década, como se pode ver no incremento dos números e o apoio gubernamental para este tipo de actividade de internacionalización. No 2009 lánzase o programa Campus Asia (*Collective Action for Mobility Program of University Students in Asia*) que é un programa de intercambio estudantil fundado polo Ministerio de Educación, Cultura, Deportes, Ciencia e Tecnoloxía (MEXT) do Xapón para dar apoio ás universidades do país a estender o seu alcance global e que ten como obxectivo establecer unha rede de educación superior entre as universidades do Xapón, China e Corea para mellorar a competitividade das mesmas no mercado académico internacional.

A nivel agregado, non dispoñemos dunha estimación global das cifras de programas conxuntos existente e ata agora foron feitos moi poucos estudos estatísticos ao respecto. De todos modos, a análise máis extensa feita polo Instituto de Educación Internacional (IIE, 2013) sinala que case tódalas 245 institucións de educación superior participantes en 28 países teñen plans para desenvolver máis programas deste tipo, co 95% das respostas informando que os programas de graos duplos e conxuntos son parte da estratexia de internacionalización na súa institución.

O desenvolvemento e aplicación dos programas conxuntos é mencionado de xeito continuo en varios plans estratéxicos europeos e nacionais de educación e tamén nas estratexias individuais de internacionalización das institucións de educación superior.

c. Os estudos aplicados sobre os procesos de implantación de títulos conxuntos.

A ausencia dunha regulamentación europea sobre títulos conxuntos (máis alá da moi xenérica Recomendación sobre este asunto do Comité do Convenio de Lisboa de 2004, revisada en 2015) levou a que a articulación dos mesmos se fixera en boa medida dun xeito práctico, a partir das boas prácticas comparadas que foron agromando por toda Europa nas dúas últimas décadas. Diversos análises, proxectos e traballos tentaron nestes anos sistematizar o acervo de boas prácticas existentes e extraer ensinanzas operativas para replicar os modelos de éxito.

Entre outros estudos relevantes, convén facer mención ao proxecto *Bridge (Best Recognition Instruments for the Dialogue between Global Experts, BRIDGE)* que se orienta cara a promoción dos programas conxuntos entre institucións de educación superior na UE e con áreas xeograficamente veciñas (como as das fronteiras oriental e meridional, os Balcáns occidentais e Asia Central) e que ten coma un dos seus resultados máis relevantes a edición do *Handbook of Joint Programmes and recognition of joint degrees*. Entre os obxectivos de Bridge está o de dar apoio ás institucións educativas para que introduzan os programas de estudos conxuntos nas súas estratexias institucionais de internacionalización así como reforzar as estruturas nacionais dos programas Erasmus e Tempus.

Como exemplo de boa practica previa en materia de cooperación internacional no ámbito educativo destaca tamén a articulación da denominada JOIMAN: *Joint Degree Management and Administration Network* (rede de administración e xestión dos títulos conxuntos). [Joiman](#) é unha rede financiada pola Comisión Europea no período 2008-2010, baixo o paraugas da rede estrutural do Lifelong Learning program/Erasmus. Coordinada pola Universidade de Bolonia e composta por parceiros con experiencia relevante na xestión de programas conxuntos, investigou os obstáculos e retos que enfrontaba o desenvolvemento e xestión dos programas conxuntos no nivel de Mestrado e Doutoramento.

En particular, a rede Joiman investigou as seguintes problemáticas que aparecen no proceso de implementación de títulos conxuntos:

- Solicitude, matrícula, selección e certificación da carreira dos estudantes.
- Sustentabilidade Financeira dos programas conxuntos.
- Gobernanza/ Organización/ Calidade dos programas conxuntos.
- Desenrolo e administración dos programas conxuntos de doutorado.
- Desenrolo e administración dos programas conxuntos con institucións de fora da UE e do proceso de Bolonia.

Despois de dous anos de actividades, que incluíron enquisas, análises e seminarios e conferencias internacionais, a rede ten producido unha serie de resultados para ser amplamente compartidos ca comunidade da Educación Superior, co obxectivo de apoiar ás institucións para superar as dificultades administrativas e de xestión no desenrolo e implementación dos programas conxuntos.

Outro proxecto que presentou resultados de interese para o desenvolvemento do UNISF é o denominado [JOQAR](#) - Joint programs: Quality Assurance and Recognition of degrees awarded, impulsado polo European Consortium in Accreditation (ECA). O propósito xeral deste proxecto foi desenvolver boas prácticas para programas conxuntos en dúas áreas específicas: acreditación e recoñecemento. Os parceiros do JOQAR decidiron poñer o foco na garantía da calidade transfronteiriza dos programas conxuntos e o recoñecemento dos grados avalados por estes programas.

Asegurar a calidade externa e a acreditación dos programas conxuntos é un reto tanto para os programas conxuntos como para as axencias de acreditación e avaliación, xa que normalmente inclúe múltiples procedementos de acreditación nacional. O proxecto orientouse a promover procedementos de acreditación simple a través do desenrolo de acordos de recoñecemento multilateral con respecto a calidade externa e os resultados da acreditación e mediante o establecemento dun punto de coordinación europeo para a calidade externa e a acreditación dos programas conxuntos. Actualmente existen tamén moitos problemas co recoñecemento do grados acreditados polos programas conxuntos que o proxecto trata de solucionar cos seguintes obxectivos específicos:

- Concienciación entre as institucións de educación superior e os programas conxuntos sobre as expectativas do ENIC-NARIC respecto

ós programas conxuntos, o deseño do grado que acreditan e o contido do suplemento do diploma

- O establecemento dunha base común entre ENIC-NARIC respecto ó recoñecemento dos grados acreditados por un programa conxunto.
- Facilitar información transparente sobre os programas Erasmus Mundus a través da base de datos Crossroads (<http://www.grossroads.eu/>).

No bienio 2009-2010, o Consortio Europeo para Acreditación en Educación Superior (ECA) e Rede ENIC-NARIC desenvolveron outro proxecto de referencia no ámbito das boas prácticas relevantes para a UNISF, o denominado *Decisiones de Acreditación Europea Transparente & Acuerdos de Reconocimiento Mutuo II* (TEAM II) que consistiu na realización de 5 acreditacións piloto de programas conxuntos, con proposta dun procedemento de acreditación, implicando en total a 24 institucións de educación superior de 12 países europeos y 9 axencias de calidade, en base ós principios que seguen:

Principios TEAM II

- Responsable único do procedemento, ben axencia de calidade ou organismo de acreditación.
- Avaliación da totalidade do programa conxunto.
- Comparación dos respectivos marcos de acreditación
- Atención especial ós resultados da aprendizaxe.

Na súa execución, o proxecto de ECA mostrou as áreas que requiren especial atención ó realizar unha única acreditación de programas conxuntos. Singularmente, é importante usar un único sistema de criterios a pesar das variacións nas regulacións nacionais e atopar a forma de que os marcos nacionais permitan o procedemento único de acreditación.

Por último, cómpre indicar que os membros do ECA lanzaron en decembro de 2010 o *Multilateral Agreement on the Mutual Recognition of Accreditation Results* (MULTRA), que é un acordo que promove a acreditación de programas conxuntos a través de unha única axencia e procedemento que terá recoñecemento en todos os sistemas nacionais que sexan parte.

d. Elementos para a definición de títulos conxuntos.

Do acervo a análises e guías de boas prácticas impulsados polas distintas institucións e axencias de avaliación despréndese que existen certos elementos comúns para a articulación de títulos conxuntos que, con carácter xeral, deben ser incorporados ao convenio regulador do mesmo. No mesmo, se deben especificar claramente a(s) universidade(s) responsable(s) da custodia dos expedientes dos estudantes e da expedición do título. Así mesmo, deberá indicarse o procedemento de modificación ou extinción do plan de estudos e as responsabilidades de cada unha das universidades participantes dentro do consorcio. Do mesmo modo aportarase información sobre os mecanismos de coordinación docente, dos modelos mobilidade e discente previstos, e do sistema de garantía de calidade que se adopte para o título, podendo ser este o dunha das universidades participantes o ser froito dun deseño específico.

Tanto a *European University Association* (<http://www.eua.be/>) coma o *European Consortium for Accreditation* (<http://www.eacaconsortium.net>) teñen establecido directrices prácticas sobre a organización de Títulos conxuntos (*Joint Programmes*). As condicións do programa conxunto deberán plasmarse nun acordo de cooperación que debe contemplar os seguintes puntos:

Condições a recoller por un acordo de cooperación

- A denominación do/s título/s outorgados no programa.
- A coordinación e as responsabilidades das entidades colaboradoras con respecto á xestión e a organización económica (incluso a financiación, os gastos e ingresos compartidos, etc.).
- Procesos de admisión e selección de alumnos.
- Mobilidade de estudantes e docentes.
- Regulamentos de exame, métodos de avaliación de alumnos, recoñecemento de créditos e procedementos de outorgamento de títulos dentro do consorcio.

3 Marco normativo en Galicia e no Norte de Portugal

Dende o punto de vista normativo, non existen entraves xurídicos para o establecemento de títulos conxuntos entre as universidades asociadas no UNISF. O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro (publicado no BOE de 30 de outubro de 2007), que regula as ensinanzas universitarias oficiais, considera a posibilidade de desenvolver estudos de mestrado interuniversitarios. A tal fin, precisa que o plan de estudos deberá incluír o correspondente convenio, no que se especificará como mínimo que universidade será responsable da custodia dos expedientes dos estudantes e da expedición e rexistro do título, así como o procedemento de modificación ou extinción dos planos de estudos.

En Portugal o DL 74/2006, de 24 de marzo, na redacción dada polo Decreto-Lei 65/2018, de 13 de setembro, prevé igualmente a posibilidade de que as institucións de ensinanza superior se podan asociar a outras institucións de ensinanza superior, nacionais ou estranxeiras, para a realización dos ciclos de estudos conducentes á atribución de grados. Para iso, os referidos ciclos de estudos deben ser obxecto de acreditación pola Axencia de Avaliação e Acreditação o Ensino Superior como ciclos de estudos en asociación, cando impliquen a atribución dun grao.

A isto engádese unha segunda vía para a posta en marcha de titulacións internacionais, que resulta da previsión de recoñecemento e transferencia de títulos recollida no artigo 6.2 del Real Decreto 1393/2007 -modificado por Real Decreto 861/2010-, no que se entende por recoñecemento:

«[...] la aceptación por una universidad de los créditos que, habiendo sido obtenidos en unas enseñanzas oficiales, en la misma u otra universidad, son computados en otras distintas a efectos de la obtención de un título oficial».

Isto abre a vía dos títulos dobres ou múltiples resultado da colaboración entre Universidades, establecendo ferramentas para un recoñecemento recíproco de créditos cursados en cada unha delas para a obtención dun título impartido pola outra. Neste caso tratase, por

tanto, de títulos distintos sometidos a procesos de verificación tamén independentes, si ben debe terse en conta que, de conformidade co artigo 6.5 del Real Decreto 1393/2007:

«[...] las universidades deberán incluir y justificar en la memoria de los planes de estudios que presenten a verificación los criterios de reconocimiento de créditos».

Xunto a estes mecanismos ordinarios é preciso ter en conta a existencia de réximes especiais, en concreto para os **Títulos Conxuntos Erasmus Mundus**, que inclúen un período de estudos obrigatorio como mínimo en dous países do *Programa Erasmus +* e conducen á concesión dunha dobre titulación ou dun título múltiple. Estes títulos se someten a unha previsión específica na Disposición adicional 12ª do Real Decreto 1393/2007, na que se sinala que:

«Las titulaciones conjuntas [...] que hayan sido evaluadas y seleccionadas por la Comisión Europea en convocatorias competitivas como programas de excelencia con el sello Erasmus Mundus, se entenderá que cuentan con el informe favorable de verificación a que se refiere el artículo 24 del presente Real Decreto. [...] la universidad solicitante enviará al Ministerio de Educación la propuesta del plan de estudios aprobada por la Comisión Europea junto con el Convenio correspondiente del consorcio y la carta de notificación de haber obtenido el sello Erasmus Mundus al que se refiere el párrafo anterior, así como un formulario adaptado que proporcione los datos necesarios para la inscripción del correspondiente título en el RUCT»

No DL 67/2005 portugués, modificado polo DL 107/2008, tamén se indica, no seu artigo 6 que:

‘Os estabelecimentos de ensino superior portugueses parceiros na organização e ministração de um curso de mestrado ‘Erasmus Mundus’ podem emitir diplomas conjuntos com os restantes estabelecimentos parceiros, nos termos fixados pelo artigo 43.º do Decreto-Lei n.º 74/2006, de 24 de Março.’

Así mesmo, tamén debe ser tida en conta a situación especial que suscitan os estudos de doutoramento. Ao respecto da **co-tutela de teses no ámbito internacional**, o Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutorado, sinala no artigo 8.2 que:

«[...] los programas de doctorado pueden llevarse a cabo de forma conjunta entre varias universidades y contar con la colaboración, expresada mediante un convenio, de otros organismos, centros, instituciones y entidades con actividades de I+D+i, públicos o privados, nacionales o extranjeros»

O Real Decreto 99/2011 inclúe ademais referencias específicas a doutorados internacionais por exemplo no que se refire á valoración, seguimento e renovación da acreditación dos Programas de doutorado, sinalándose no seu artigo 10.5 que:

«[...] se valorará el grado de internacionalización de los doctorados, con especial atención a la existencia de redes, la participación de profesores y estudiantes internacionales, la movilidad de profesores y estudiantes, y los resultados tales como cotutelas, menciones europeas e internacionales, publicaciones conjuntas con investigadores extranjeros, organización de seminarios internacionales, o cualquier otro criterio que se determine al respecto».

Igualmente inclúense referencias específicas en relación coa dirección de teses, aspecto no que incide o artigo 12.1 sinalando que:

‘De acuerdo con lo establecido en el artículo 11.3, la Universidad asignará al doctorando un director para la elaboración de la tesis doctoral que será el máximo responsable de la coherencia e idoneidad de las actividades de formación, del impacto y novedad en su campo de la temática de la tesis doctoral y de la guía en la planificación y su adecuación, en su caso, a la de otros proyectos y actividades donde se inscriba el doctorando. La tesis podrá ser codirigida por otros Doctores cuando concurran razones tales como razones de índole académico o de interdisciplinariedad temática o cuando se trate de programas desarrollados en colaboración nacional o internacional.

Para la codirección de la tesis será necesaria la autorización previa de la Comisión académica. Dicha autorización podrá ser revocada con posterioridad si a juicio de la Comisión académica la codirección no beneficia el desarrollo de la tesis.’

O Real Decreto conten igualmente unha mención ó suposto particular de los programas de doutorado conxuntos internacionais *Erasmus Mundus*,

sinalando na súa disposición adicional 1ª un procedemento de verificación similar ó xa sinalado anteriormente ó establecer que:

«Los programas de doctorado conjuntos creados mediante consorcios internacionales en los que participen instituciones de Educación Superior españolas y extranjeras y que hayan sido evaluados y seleccionados por la Comisión Europea en convocatorias competitivas como programas de excelencia con el sello Erasmus Mundus, se entenderá que cuentan con el informe favorable de verificación a que se refiere el artículo 10 de este Real Decreto. [...]

A estos efectos, la universidad solicitante enviará al Ministerio de Educación la propuesta del plan de estudios aprobada por la Comisión Europea junto con el Convenio correspondiente del consorcio y la carta de notificación de haber obtenido el sello Erasmus Mundus al que se refiere el párrafo anterior, así como un formulario adaptado que proporcione los datos necesarios para la inscripción del correspondiente programa de doctorado en el RUCT. [...] El Ministerio de Educación enviará el expediente al Consejo de Universidades a efectos de emitir la correspondiente resolución de verificación de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre».

Para o establecemento de títulos conxuntos é preciso tomar en consideración, ademais da normativa estatal que en España, coma Estado de estrutura multinivel no que as comunidades autónomas teñen amplas competencias en materia de ordenación universitaria, tamén existe unha regulación autonómica referida aos títulos conxuntos. A lexislación autonómica galega de aplicación concrétase, basicamente, no Decreto 222/2011 que no seu artigo 5.2 establece que:

‘Os másters universitarios deberán cumprir tres das seguintes condicións: ser interuniversitarios; outorgar competencias profesionais; ter unha orientación laboral ou práctica; xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico; ter garantidas as prácticas dos estudantes, no caso de estar establecidas na memoria da titulación; cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral; ter carácter internacional.’

Así, o carácter internacional e interuniversitario son dúas das sete condicións das tres que é necesario cumprir para que Galicia autorice esa titulación conxunta. Ademais, o artigo 6.2 establece que:

‘Nas ensinanzas universitarias oficiais de máster universitario, demostrárase que a titulación proposta terá un número anual de

estudiantes de novo ingreso non inferior a 20...para estes efectos, os másters universitarios e programas de doutoramento interuniversitarios computarán conxuntamente o número de alumnos/as matriculados/as.'

A) Elementos definatorios dos títulos

Nestes momentos, todas as universidades da Eurorrexión son socias de mestrados que contan co selo Erasmus Mundus e con financiamento para bolsas de mobilidade estudantil de terceiros países. Polo tanto, aínda que existen algunha práctica illada no relativo ao establecemento de títulos comúns entre os socios de UNISF as experiencias previas máis relevantes se refiren á articulación de títulos conxuntos con institucións académicas terceiras.

O proceso de creación de novos títulos é similar en España e Portugal posto que resulta necesario conseguir a verificación do título por unha axencia de acreditación externa, recoñecida e rexida polos principios da ENQUA (*European Network for Quality Assurance in Higher Education*), na Galicia esta axencia é ACSUG, en Portugal a competencia neste campo corresponde a A3ES.

En cuanto á duración dos estudos de mestrado en España o RD 861/2010 indica no punto 8 do seu artigo único que:

'Los planes de estudios conducentes a la obtención de los títulos de Máster Universitario tendrán entre 60 y 120 créditos, que contendrá toda la formación teórica y práctica que el estudiante deba adquirir: materias obligatorias, materias optativas, seminarios, prácticas externas, trabajos dirigidos, trabajo de fin de Máster, actividades de evaluación, y otras que resulten necesarias según las características propias de cada título.'

A única limitación que se contempla é a de que o traballo fin de mestrado debe ter unha carga lectiva de entre 6 e 30 ECTS.

En Portugal DL 74/2006 portugués, modificado polo DL 107/2008, indica, no seu artigo 18.1, que:

'O ciclo de estudos conducente ao grau de Mestre tem 90 a 120 créditos e uma duração normal compreendida entre três e quatro semestres curriculares de trabalho dos alunos.'

O mais coherente parece unificar a carga seguindo o criterio acreditado de escoller a mínima máis alta, é dicir 90 ECTS.

No relativo ós criterios de seguimento e modificación dos títulos de máster en España, o punto 11 do artigo único do RD 861/2010 indica que:

‘Asimismo, los títulos de Máster deberán someterse al indicado procedimiento [renovación da acreditación inicial] antes del transcurso de cuatro años.’

Mentres en Portugal, onde non hai un período de tempo previamente fixado, o artigo 59 do DL 74/2006, modificado polo DL 107/2008, establece que:

‘A acreditação é conferida por um prazo determinado, a fixar, findo o qual o ciclo de estudos é objecto de reapreciação.’

O convenio de colaboración ten una grande importancia e para as universidades galegas é obrigatorio segundo o Decreto 222/2011, no seu artigo 11.3 e 4, que establecen que *“Ademais da documentación complementaria, exixida no artigo 9.3, a solicitude de informe deberá ir acompañada do convenio de colaboración entre as universidades participantes, no cal se deberá facer referencia, como mínimo, aos seguintes extremos:*

- Universidade responsable da custodia dos expedientes, expedición e rexistro do título.*
- Universidade competente para a tramitación do procedemento de modificación ou extinción do plan de estudos.*

4. No suposto de convenios con universidades estranxeiras deberase xuntar certificación, expedida pola autoridade competente ou, se é o caso, pola entidade acreditadora do carácter oficial ou acreditado da universidade de que se trate. En calquera caso os ditos convenios deberán subscribirse con anterioridade á autorización das ensinanzas. A universidade correspondente do SUG custodiará os expedientes dos títulos que expida.’

A normativa de Portugal, en cambio, non contempla o convenio explicitamente.

No ‘Informe sobre as posibilidades de másters universitarios conxuntos entre universidades da euro rexión Galicia-norte de Portugal’ (DOMÍNGUEZ CASTRO,2011) se formulan unha serie de observacións de

interese para contextualizar a iniciativa de crear títulos conxuntos no marco da UNISF, entre as que destacan as seguintes:

- Non existe unha cultura de cooperación sólida en materia de titulacións conxuntas na Euro rexión, como consecuencia da diferentes adaptación ao EEES de España e Portugal.
- Aplicando o principio de escolla da lexislación máis restritiva, deberíase ir cara mestrados conxuntos de 90 ECTS para harmonizar mellor a estrutura dos plans de estudos.
- A mobilidade do profesorado do mestrado entre as diferentes universidades implicadas debería ser obrigatoria. A mobilidade do alumnado debe ser unha opción viable a través da concorrencia a bolsas competitivas dos respectivos Ministerios e da UE.
- Os másters conxuntos deberan avanzar cara a súa inclusión nos programas Erasmus Mundus.
- Con pleno respecto a autonomía universitaria, a Xunta de Galicia e o Goberno de Portugal a través da Comunidade de Traballo da Eurorrexión, deberían acordar unha serie de liñas estratéxicas que facilitaran a existencia destes mestrados conxuntos, primando a súa creación con algún tipo de estímulo que ten que se validar coa excelencia dos resultados acadados.
- Os mestrados conxuntos deben aspirar a integrarse en programas de doutoramento tamén conxuntos que reduzan o número dos existentes e axuden a alcanzar niveis de excelencia internacional axeitados.
- A Fundación Centro de Estudos Euro rexionais (FCEER), constituída polas seis universidades públicas e pola Xunta de Galicia, pode ser un foro magnífico para a planificación conxunta da oferta de estudos de posgrao conxuntos e para a seguimento do proceso, achegando reflexións e alternativas para que as autoridades competentes poidan aplicalas.

Se ben algunhas das reflexións realizadas no informe resultan acaídas no momento de definir os novos títulos piloto do proxecto UNISF, o certo é que outras deben ser sometidas a debate e reflexión colectiva entre os parceiros posto que resultan controvertidas.

Deste xeito, a idea de que “os convenios de colaboración, que se teñen que subscribir entre os centros de ensinanza superior que van compartir a titulación, deberían respectar os sistemas de acceso, os prezos públicos de aplicación e as normas específicas de cada país” resultan máis controvertidas posto que o mantemento da especificidade local en

cada país pode introducir elementos de disrupción na xestión do título e desprazamentos globais de alumnos; por exemplo, en función das taxas de acceso que sexa preciso abonar na matrícula.

4 Os procedementos de verificación de novas titulacións

Os títulos oficiais universitarios deben ser obxecto de acreditación tanto en España coma en Portugal. Tanto a A3ES, Agência de Avaliação e Acreditação do Ensino Superior de Portugal, que informa da Acreditação Prévia de Novos Ciclos de Estudos coma a ACSUG, Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que é a responsable da implementación do Procedemento de avaliación de títulos oficiais de grao, máster e doutoramento (2016) en Galicia, teñen competencia nesta materia.

ACSUG é a responsable da avaliación, previa á verificación polo Consello de Universidades, dos novos plans de estudo presentados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), do seguimento anual dos títulos inscritos no Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT) e da renovación da súa acreditación no prazo que establece a normativa, artigos 24, 25, 27, 27 bis e 27 ter do Real Decreto 1393/2007 de 29 de outubro, modificado por RD 861/2010 de 2 de xullo.

O procedemento de avaliación de cada expediente (que é a proposta de plan de estudos, solicitude de modificación, seguimento ou renovación da acreditación) pasa polas fases seguintes, en función do momento administrativo en que se atope cada título:

FASE I) Verificación dun plan de estudos:

- 1) Presentación da Memoria de cada título por parte da universidade ó Consello de Universidades (CU) a través da aplicación informática creada a tal efecto.
- 2) Revisión e validación da documentación polo CU e envío do plan de estudos a ACSUG.
- 3) Asignación de cada expediente á Comisión de Avaliación de Rama (CER) correspondente e elaboración do informe provisional pola ACSUG, seguindo os protocolos de avaliación deseñados por esta a tal efecto, respectando os acordos de REACU.

4) Envío do informe provisional á universidade e se abre un prazo de alegacións de 20 días naturais.

5) Revisión das alegacións pola CER correspondente, elaboración do Informe Final por ACSUG en termos favorábeis ou desfavorábeis e remisión ao CU.

6) O CU comunica a resolución de verificación ó MEC, á Comunidade Autónoma e á Universidade.

7) No caso de informe favorable, a Comunidade Autónoma debe decidir sobre a súa autorización.

8) Se se aproba a súa autorización, o título se inscribe no RUCT e se considera título acreditado.

FASE II) Seguimento dos títulos inscritos no RUCT:

Os pasos do proceso de seguimento son:

1) Elaboración e aprobación anual, por parte da universidade, de un auto informe de avaliación de cada título oficial e envío á ACSUG.

2) Análises e valoración dos auto informes correspondentes á convocatoria en curso, pola Comisión de Avaliación de Rama (CER).

3) Elaboración de un informe provisional e envío á Universidade, que disporá de 20 días hábiles para a presentación de alegacións e, de ser o caso, dun Plan de Melloras.

4) Recepción e valoración, no seu caso, pola CER, das alegacións e/ou do plan de melloras e proposta de informe final.

5) Aprobación do informe final pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) i envío á Universidade responsable.

FASE III) Renovación da acreditación dos títulos oficiais:

6) Elaboración e aprobación, por parte da universidade, dun auto informe de renovación da acreditación de cada título que lle corresponda en función dos prazos establecidos.

7) Envío do auto informe de avaliación á ACSUG, previa solicitude á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ó procedemento e prazos establecidos.

8) Análises e valoración do auto informe por unha Subcomisión de Avaliación derivada da Comisión de Avaliación de Rama (CER) e designada en función do ámbito temático do título a avaliar. O proceso de renovación da acreditación incluíra unha visita da Subcomisión de Avaliación á Universidade responsable. Os centros a visitar en cada caso serán acordados previamente entre Universidade e ACSUG.

9) Elaboración dun informe provisional i envío á Universidade, que disporá de 20 días hábiles para a presentación de alegacións e, de ser o caso, dun Plan de Melloras.

10) Recepción e valoración, no seu caso, pola Subcomisión de Avaliación, das alegacións e/ou do plan de melloras e proposta de informe final.

11) Aprobación do informe final pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) i envío á Universidade responsable, á Comunidade Autónoma de Galicia, ó Consello de Universidades e ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O Consello de Universidades é o órgano responsable de ditar a resolución final de acreditación, contra a que a Universidade poderá presentar recurso no prazo dun mes.

Durante a implantación do título, a universidade pode solicitar as modificacións que estime necesarias para a mellora do seu plan de estudos.

No caso portugués, a competencia de acreditación corresponde á **A3ES**, Agência de Avaliação e Acreditação do Ensino Superior de Portugal. O Réxime Xurídico da Avaliación do Ensino Superior (Lei nº 38/2007, de 16 de agosto) establece, no seu artigo 11º, nº 2, que “a avaliação externa que serve de base aos processos de acreditação é realizada pela agência de avaliação e acreditação para a garantia da qualidade do ensino superior”. Con base nese precepto foi criada a Agência de Avaliação e Acreditação do Ensino Superior, instituída a través do Decreto-Lei nº 369/2007, de 5 de novembro.

A Axencia é unha fundación de dereito privado, constituída por tempo indeterminado, dotada de personalidade xurídica e recoñecida como de utilidade pública. É independente no exercicio das súas competencias, sen prexuízo dos principios orientadores fixados legalmente polo Estado.

A misión da A3ES consiste en garantir a calidade do ensino superior en Portugal, a través da avaliación e acreditación das institucións de ensino superior e dos seus ciclos de estudos, ben como o desempeño das funcións inherentes à inserción de Portugal no sistema europeo de garantía da calidade do ensino superior. A3ES ten unha guía (2011) na que mostra nun par de cadros moi ilustrativos o propio procedemento para a acreditación previa dun novo ciclo de estudos no país.

Tamén deben analizarse con detalle o *Guião* do 2018 para pedido de acreditación previa de novo ciclo de estudos (ensino universitario e Politécnico) e, así mesmo, o *guião* para elaboración do relatorio de avaliación/acreditación de ciclos de estudo en funcionamento que comprenden os elementos chave das fases fundamentais do procedemento mencionadas.

Bibliografía

- *Declaración de Asturias*. (2006). Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE)
<http://www.crue.org/Documentos%20compartidos/Forms/AllItems.aspx?RootFolder=%2fDocumentos%20compartidos%2fDeclaraciones&FolderCTID=0x012000C3A3CC3E5BA66541997D2BA283A0CBF2>
- Estudio transatlántico do Instituto de Educación Internacional sobre programas conxuntos e dobres (2009)
<file:///C:/Users/34666/AppData/Local/Temp/Joint-Degree-Survey-Report-2009.pdf>
- ‘Informe sobre as posibilidades de máster universitarios conxuntos entre universidades da Eurorexión Galicia-norte de Portugal’, Luis Domínguez Castro, 2011 <http://galicia-nortept.xunta.es/sites/default/files/documentos/docs/maestrazgos.pdf>
- ‘Bridge Handbook’ (Best Recognition Instruments for the Dialogue between Global Experts), Joint programmes and Recognition of Joint Degrees, 2012,
<http://erasmusmundus.it/files/fileusers/BRIDGE%20HANDBOOK%20WEB.pdf>

- ‘*European Area of Recognition Manual*’, 2012, http://www.eurorecognition.eu/Manual/EAR_manual_v_1.0.pdf
- Informe sobre a implantación do proceso de Bolonia (2012). Secretaría General Técnica. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte <https://sede.educacion.gob.es/publiventa/d/16091/19/0>
- European Approach for Quality Assurance of Joint Programmes. October 2014 https://www.egar.eu/assets/uploads/2018/04/02_European_Approach_QA_of_Joint_Programmes_v1_0.pdf
- ‘*Joint Programmes from A to Z*’, JDAZ project da EP-Nuffic, 2015, http://ecahe.eu/w/index.php/Portal:Joint_degrees_from_A_to_Z
- ‘*Standards and Guidelines for Quality Assurance in the European Higher Education Area*’ (ESG), 2015, https://enqa.eu/wp-content/uploads/2015/11/ESG_2015.pdf
- *Erasmus Mundus Joint master’s degrees. The story so far*, p 44. (2016) Directorate-General for Education and Culture. European Commission. https://eacea.ec.europa.eu/sites/eacea-site/files/2_policy_paper_on_joint_degrees.pdf
- Committee of the Convention on the Recognition of Qualifications concerning Higher Education in the European Region, *Revised Recommendation on the Recognition of Joint Degrees*, 29 February 2016, Seventh meeting, Paris, DGII/EDU/HE (2016) 05, ED-2015/UNESCO/LRC.
- ‘*Orientaciones para la elaboración y evaluación de títulos de grado y máster en enseñanza no presencial y semipresencial*’, REACU (Red Española de Agencias de Calidad Universitaria), 2018, <http://www.acsug.es/sites/default/files/DirectricesREACU.pdf>
- ‘*Programas y títulos conjuntos en el Espacio Europeo de Educación Superior*’, Luis Delgado, 2019, <https://revistas.usal.es/index.php/eks/article/view/eks20192020>

Sitios web

- Universidade de Santiago de Compostela <https://www.usc.gal/gl/>
- Universidade da Coruña <https://www.udc.es/gl/>

- Universidade de Vigo <https://www.uvigo.gal/>
- Universidade do Porto https://sigarra.up.pt/up/pt/web_base.gera_pagina?p_pagina=home
- Univeridade do Minho <https://www.uminho.pt/PT>
- Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro <https://www.utad.pt/>
- Fundación Centro de Estudios Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (CEER) <http://www.fceer.org/index.php>
- Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal <https://galicia-nortept.xunta.es/gl>
- Campus do Mar <http://domar.campusdomar.gal/en/>
- Directorate-General for Education and Culture. European Comission. https://ec.europa.eu/info/education_en
- El proceso de Bolonia: creación del Espacio Europeo de Educación Superior <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/?uri=LEGISSUM%3Ac11088>

- Axenda para o Desenvolvemento Sostible, Nacións Unidas <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/development-agenda/>
- Programa Interreg VA España-Portugal (POCTEP) <https://www.poctep.eu/es/2014-2020/programa-interreg-v-espa%C3%B1a-portugal-poctep-2014-2020>
- Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea https://www.europarl.europa.eu/charter/pdf/text_es.pdf
- Erasmus Mundus Joint Master Degree Catalogue https://eacea.ec.europa.eu/erasmus-plus/emjmd-catalogue_en
- International Association of Universities (IAU) <https://www.iau-aiu.net>
- Campus Asia (Collective Action for Mobility Program of University Students in Asia) <https://www.grips.ac.jp/campusasia/en/about/>
- Instituto Internacional <https://www.iie.es/>

Estado da Arte do UNISF, feito em Santiago de Compostela, Galicia, 2020